



CUALEDRO

Número 4

Boletín de información municipal

Primavera 2010



Obradoiro de Emprego "Cualedro III"

Abrindo novos vieiros de prosperidade laboral

Sinais de progreso



A Confederación Hidrográfica do Douro realizou diversas obras de rexeneración das canles fluviais e un fermoso paseo na ruta dos muíños de As Mercedes. Tamén se construíu un tanque para abastecer ós helicópteros que loitan contra os lumes forestais.

Colaboración coa Xunta



A nova Xunta de Galicia está implicada en novos proxectos promovidos polo Concello de Cualedro. A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas financiou a reforma estética e funcional da praza pública de Carzoá.

Conservando as tradicións



Os distintos pobos celebraron á súa peculiar maneira as festas do Entroido. Merece mención especial o labor que desenvolven os centros de ensino de Cualedro e A Xironda para manter viva a tradición entre os máis novos.

Editorial

O fomento das políticas de emprego, unha necesidade actual

O Fondo de Inversión Local para o Emprego, promovido polo Goberno central, e as políticas de inserción laboral que puxo en práctica a Xunta de Galicia, en colaboración co Concello de Cualedro, semellan bos exemplos de colaboración institucional entre distintas Administracións públicas e unha iniciativa importante, máis aínda agora, en plena crise económica e laboral, para abrir novos vieiros ós veciños e veciñas que sofren a lacra do desemprego.

Outra liña de actuacións, na que xa traballa o Concello de Cualedro, é a formación laboral de moitos veciños e veciñas a través dun novo Obradoiro de Emprego, que está operativo durante 12 meses. É unha aposta para abrir oportunidades de formación profesional e de autoemprego entre aquelas persoas do noso municipio con aspiracións de incorporarse no futuro ó mercado laboral. E a formación é clave, nun eido cada vez máis competitivo. O balance, pola experiencia da primeira fase, xa completada, e de ante-

riores obradoiros desenvolvidos en Cualedro, semella positivo: os alumnos e alumnas reciben unha completa formación teórica e práctica (neste caso en restauración de áreas degradadas, cantería e albanería). Pero tamén poden acceder a coñecementos de informática, de seguridade e

hixiene no traballo, das posibilidades de autoemprego e formación de cooperativas e, de xeito voluntario, teñen a oportunidade de acadalo Graduado en ESO, de gran utilidade para acceder ó mercado laboral.


Tanto o Obradoiro como o Fondo de Inversión Local e Promoción do Emprego, son oportunidades importantes, e un ben moi preciado, sobre todo

na situación de crise actual. Semella, pois, que estas iniciativas das distintas Administracións públicas (Goberno central, Xunta de Galicia e Concello de Cualedro) deben contribuir a paliar o seu efecto o máximo posible, ao tempo que se realizan obras importantes para o noso municipio.



Os gastos de persoal, condicionados polo Obradoiro

A crise económica obrigou a case tódolos concellos a recurtar en 2010 os seus orzamentos municipais, debido á menor aportación do Estado e da Xunta de Galicia ás arcas municipais. O mesmo acontece en Cualedro, a pesar do incremento orzamentario, que se debe á inclusión do Obradoiro de Emprego no capítulo de gastos de persoal. Aínda así, a Corporación aprobou un orzamento "real" para manter a un bo nivel os servizos básicos, tanto os de carácter social como aqueles que inciden



* En porcentaxe. Datos de 2010.

no benestar e na calidade de vida dos veciños e veciñas do municipio.

O capítulo de gastos máis importante é o referido ó persoal, con 648.090,81 euros. Eiquí compútanse os salarios de traballadores e funcionarios que prestan os seus servizos na Administración local. Esta cantidade supón case o 44% do orzamento total, que é de 1.487.082 euros. Outras partidas importantes destínanse ós investimentos reais, ós bens correntes e servizos e ás transferencias correntes.

obradoiro DE ●●●●●●●●●● emprego



"CUALEDRO III"

Unha oportunidade de aprender novos oficios para 26 persoas
Formación laboral e restauración do noso patrimonio

O Concello de Cualedro puxo en marcha, en colaboración coa Consellería de Traballo da Xunta de Galicia, o Obreroiro de Emprego "Cualedro III". Durante un ano, ata o próximo mes de xuño, encárgase de ofrecer formación profesional a 26 alumnos e alumnas, maiores de 25 anos e inscritos previamente nas oficinas do INEM.

Os participantes están distribuídos en tres módulos formativos: 9 en albanería, 9 en cantería e 8 en restauración de áreas degradadas (xardinería e traballos forestais). Conta, asemade, cun director, tres monitores, un administrativo, e un profesor/a de Educación Compensatoria (eiquí os alumnos interesados poden obter o Graduado en ESO).

O orzamento total, no que se contemplan os gastos derivados dos salarios dos alumnos e o custe da maquinaria e do material das obras ascende a 648.000 euros, aportados pola Consellería de Traballo e o

propio Concello de Cualedro.

As principais actuacións contempladas neste proxecto formativo son a construción ou acondicionamento de locais sociais en Penaverde, Lucenza e A Xironda; a canalización de augas no entorno da área recreativa de San Martiño; a fonte de Carzoá; o lavadoiro da poza de Cualedro, así como o mantemento de xardíns, zonas verdes e áreas recreativas en todo o municipio de Cualedro.

Este Obreroiro de Emprego organizouse para favorecer a participación de homes e mulleres en igualdade de condicións nas distintas áreas municipais, promovendo a formación e a inserción laboral das mulleres, así como a conciliación da vida familiar (poder compaxinar o traballo coa propia familia). É unha iniciativa máis do Concello de Cualedro para favorecer políticas de plena igualdade nos distintos eidos sociais e laborais. ■



Áreas degradadas



Albanería



Cantaría

A RECUPERACIÓN DO PATRIMONIO LOCAL

Un traballo para o disfrute de tódolos cidadáns



Cualedro



Traballos do módulo de cantería no lavadoiro e o entorno da Poza de Cualedro.

Completada a primeira fase do Obradoiro de Emprego, e xa ben avanzada a segunda, que rematará o vindeiro mes de xuño, xa poden apreciarse os progresos, tanto na formación dos alumnos e alumnas, como no desenvolvemento dos proxectos contemplados.

O mal tempo do outono e inverno apenas retrasou os traballos. O módulo de cantería realizou un importante esforzo para adecentar a antiga Poza de Cualedro, como pode apreciarse nas imaxes superiores. Este lugar perdeu a utilidade como lavadoiro, pero recuperouse como espazo público e lugar de encontro, cun bo resultado tamén dende o punto de vista estético e funcional.

Nos últimos anos, o Concello promoveu a dotación de centros sociais na maior parte das parroquias. Este proxecto continúa agora, a través do Obradoiro, co adecentamento das antigas escolas de A Xironda e Lucenza, a cargo do módulo de albanelería, e coa construción dun novo local en Penaverde, que realizan os alumnos de cantería.




A Xironda

A restauración e construción de novos centros sociais é outro dos obxectivos do Obradoiro de Emprego. En A Xironda (foto superior) estase restaurando unha parte da escola unitaria, e na Lucenza (abaixo) relízase unha ampla reforma interior, pendente do anterior Obradoiro.



Lucenza

Carzoá



En Carzoá, a maior parte dos veciños están satisfeitos coa pavimentación da praza, realizado a través do convenio coa Consellería de Medio Ambiente, na que luce a nova fonte construída polo módulo de albanelería do Obradoiro de Emprego "Cualedro III". Foi esta unha actuación coordinada que tivo como resultado unha evidente mellora estética dun dos lugares máis emblemáticos deste pobo.

En San Martiño canalizáronse as augas sobrantes e o regato na área recreativa. Tamén se empedrou unha parte deste espazo público, un dos preferidos para a charla e o descanso, sobre todo durante os meses do verán. Con esta actuación evítanse os lameiros que se producían en períodos de intensas chuvias.



San Martiño

Obradoiro de Emprego Cualedro III

En Penaverde tamén se realizan obras importantes. Despois da reforma da praza do pobo, para os veciños era importante contar cun centro social. O Goberno municipal asumíu esta petición e incluina no proxecto do Obradoiro. Deste xeito, a maior parte dos núcleos de poboación contarán en breve con centros polivalentes para uso e disfrute dos propios veciños.

Penaverde



Cualedro

O módulo de restauración de áreas degradadas ocúpase do mantemento de xardíns e das distintas áreas recreativas. As alumnas adquiren destreza na utilización de maquinaria de xardinería e desbroces e desenvolven traballos de podas de árbores e setos. As clases teóricas indican no coñecemento das especies vexetais e no coidado especial que requiren.



Cruce de Carzoá



Praza da Picota (A Xironda)

A Deputación Provincial de Ourense atendeu a petición do Concello de Cualedro para mellorar a seguridade vial no cruce de Carzoá, co rebaixe do terreo para mellorar a visibilidade. Tamén participou no ensanche dun pontillón en Rebordondo.



Rebordondo

A praza da Picota, un dos lugares emblemáticos de A Xironda, beneficiouse das obras de mellora estética acometidas pola Consellería de Industria, en convenio co Concello de Cualedro. No futuro continuará o empedrado das rúas do casco vello do pobo.

O Concello desenvolve novos proxectos en estradas e prazas públicas

O futuro Fogar Residencial, no Toural da Feira, atenderá ás persoas maiores do concello

O Fondo Estatal de Inversión Local de 2010 destinará algo máis de 210.000 euros ás obras do Fogar Residencial, que promove o Concello de Cualedro no Toural da Feira. Este proxecto contempla a construción dun edificio de 826 metros cadrados, no que se habilitarán 7 habitacións dobles e outras 7 individuais, unha cocina, almacén, un salón e os servizos.

Durante unha visita a Verín hai poucos meses, o alcalde de Cualedro, Luciano Rivero, reuniuse coa conselleira de Benestar e Traballo, Beatriz Mato, para abordar a viabilidade desta iniciativa municipal. A representante da Xunta de Galicia amosou interese no proxecto, por consideralo "moi necesario", e manifestou que, no futuro, se habilitará unha partida para completar esta obra.

Completadas as obras do Plan E

Como estaba previsto, antes de rematar o ano 2009, quedaron completadas as actuacións financiadas a través do Plan Estatal de Inversión Local do Goberno central.

En total, investíronse 380.171 euros para acometer cinco proxectos importantes: a construción dos centros sociais de Rebordondo e Saceda, a reforma das prazas públicas de Penaverde e Baldriz, e o plan de afo-

ro enerxético na parroquia de Montes.

Apoio da Deputación Provincial

As brigadas de Obras da Deputación de Ourense visitan periódicamente o concello de Cualedro para realizar traballos de mantemento e conservación da rede viaria local e provincial. Outras actuacións importantes, nestes últimos meses, foron no cruce de Carzoá, eseario dun desgraciado accidente no que faleceron dous veciños. Os traballos consistiron no desmonte da ladeira da curva para mellorar a visibilidade.

Estas brigadas de Obras tamén participaron no ensanche dun pontillón en Rebordondo, polo que agora poden circular sen problema tanto os turismos e camiós como os vehículos agrícolas. ■

Cualedro foi un dos concellos da provincia de Ourense que desenvolveu máis proxectos de obras públicas. Unhas iniciativas que contribúen a crear emprego e buscan mellorar os servizos e as infraestruturas locais.

Luciano Rivero Cuquejo, alcalde: "A colaboración do Goberno, Xunta e Deputación de Ourense é fundamental para Cualedro"

O rexedor municipal agarda o apoio das Administracións autonómicas e provincial para levar adiante novos proxectos

P.- É tan necesaria a colaboración do Goberno, da Xunta e da Deputación co Concello?

Luciano: Eu diría que é clave, xa que os concellos rurais coma o noso non dispoñen de recursos suficientes para atender tódalas necesidades, tanto de servizos como de infraestruturas públicas.

P.- En que se concreta este apoio?

Luciano: Boa parte das obras que se realizan en Cualedro contan co financiamento das consellerías da Xunta. Refírome ó Obradoiro de Emprego, ós servizos sociais, a proxectos en espazos públicos, etc. A Deputación, con menos recursos, tamén se involucra no mantemento da rede viaria e nas obras dos Planos Provinciais.

P.- Pero o Goberno Central tamén colaboran en distintas iniciativas?

Luciano: Sí, e convén agradecer o esforzo do Plan E e do FIEL, que nos vai permitir sacar adiante algúns dos proxectos que temos previsto dende hai algún tempo. Tam pouco podemos esquecer os traballos da Confederación Hidrográfica nos nosos ríos.

Luciano Rivero mantivo varias reunións de traballo co presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, e co titular da Deputación, José Luis Baltar, que en varias ocasións visitaron o noso concello. A colaboración institucional é perceptible no Obradoiro e noutros proxectos.



Convenio con Medio Ambiente para reformar a praza de Carzoá

O alcalde de Cualedro, Luciano Rivero, asinou en Santiago de Compostela un convenio de colaboración co titular da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Agustín Hernández, para rehabilitar a praza da Carzoa, no contorno da igrexa e da fonte pública.

Medio Ambiente asumíu o 97% do custe desta actuación, que se elevou a 154.532 euros. Os traballos consistiron na eliminación dos tendidos eléctricos e de telefonía para a súa canalización subterránea; e a recollida e canalización de augas pluviais e a súa derivación á rede de saneamento. Os traballos remataráanse coa nova pavimentación da superficie da praza, o axardinamento e a dotación de mobiliario urbano.

A esta actuación hai que engadir a nova fonte construída polo Obradoiro de Emprego "Cualedro III" que confire unha nova estética á praza de Carzoá, que foi ben valorada polo colectivo veciñal. ■

Medio Rural investirá 90 mil euros na mellora de pistas en varios pobos do concello

O Proxecto Estratéxico de Infraestruturas no Medio Rural (PEIM Rural 2009/2010) investirá 90.801 euros en obras de mellora de camiños agrícolas e pistas rurais. Na sinatura do convenio estiveron presentes o conselleiro de Medio Rural, Samuel Juárez, e o alcalde de Cualedro, Luciano Rivero.

Os proxectos que contempla este convenio son asfaltados de pistas en Montes e o acondicionamento dos accesos na Saceda e Lamalonga.

Este programa de colaboración entre Cualedro e a Xunta de Galicia desenvólvese dende hai varios anos, e xa permitiu a renovación de varias estradas e camiños noutras zonas do concello, co que se facilita o tránsito de persoas e vehículos a zonas de uso agrícola ou forestal.



O alcalde de Cualedro, Luciano Rivero, acompañou ó presidente da Confederación Hidrográfica do Douro, Antonio Gato, e ó subdelegado do Goberno en Ourense, Camilo Ocampo, na visita ás obras realizadas no pobo de As Mercedes. Consistiron na recuperación hidrolóxica do regato e na construción dunha ruta peonil a carón dos muíños, aproveitando os vellos sendeiros. Na imaxe, os tres contemplan un panel explicativo do itinerario e dos elementos etnográficos.

A Confederación e a Xunta investiron máis de 275 mil euros en obras nas ribeiras e canles dos ríos do concello

■ As obras de adecuación hidrolóxica e ambiental do río Támega e dos seus afluentes en Cualedro contaron cun investimento de 275.617 euros. O 75% desta cantidade foi financiado pola Confederación Hidrográfica do Douro, a través dos Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), e o 25% restante, pola Xunta de Galicia.

Esta actuación inscríbese dentro das obras previstas no convenio para o acondicionamento de ribeiras e canles, así como a conservación e recuperación do Dominio Público Hidráulico para facilitar a circulación das augas superficiais e evitar problemas polas inundacións en períodos de intensas chuvias.

As actuacións realizadas no concello de Cualedro leváronse a cabo no río e na Fontedola de A Xironda, no regato dos muíños de As Mercedes, no río de Baldriz, no río do Muíño de Rebordondo, nos regatos de Lamas e Montes e no regato do Toleiro en Pedrosa.



Prevención contra os incendios

O Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño, a través da Confederación Hidrográfica do Douro, construíu no monte de Atás un depósito de auga para a loita contra os incendios forestais. O novo tanque servirá de apoio ós efectivos aéreos e terrestres encargados da extinción dos lumes que se rexisten no noso concello e na comarca (Na imaxe, as autoridades inspeccionando o depósito).

Nova concelleira do BNG

■ Ana Sabela Enríquez Fernández, de A Xironda, que figuraba como número 2 na candidatura do BNG nas eleccións municipais de 2007, substituirá na Corporación á única concelleira nacionalista, Josefa González Álvarez. Esta presentou a súa renuncia por escrito antes de que rematara o pasado ano. ■

Cultura declarará **Bens de Interese Cultural** os castros de **San Millán** e **A Saceda**

A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta iniciou os trámites para a declaración dos castros de San Millán e da Saceda como Bens de Interese Cultural (BIC). O Diario Oficial de Galicia publicou o pasado 24 de febreiro o expediente para a protección do castro da Saceda, abrindo o prazo para presentar alegacións.

A protección do castro da Saceda incluírá as murallas e os fosos que aínda se conservan. Tamén se verá afectado o "entorno concéntrico exterior" para asegurar a conservación de posibles restos non visibles na superficie e evitar impactos visuais que afecten a interpretación deste singular monumento da cultura castrexa. ■



Castro da Saceda

Na súa resolución, o director xeral de Patrimonio Cultural, José Manuel Rey Pichel, xustifica que "a elección deste xacido arqueolóxico para a súa declaración como ben de interese cultural fundaméntase no seu carácter de exemplo ilustrativo dun castro da etapa inicial e da transición á fase de apoxeo da cultura castrexa no seu imponente e monumental sistema defensivo, que determinan un gran potencial para a súa posta en valor". ■

O 16 de novembro comezaron as vacinas da gripe A

A campaña de vacinación antigripal transcorreu con total normalidade

A finais de verán a preocupación de moitos veciños pola gripe A era evidente, provocada, sobre todo, polas alarmantes noticias que aparecían, un día si e outro tamén, nos distintos medios de comunicación. A maioría déuse conta de que esa alarma era infundada despois de consultar ó persoal facultativo do Centro de Saúde. Deste xeito, a campaña de vacinación contra a gripe estacional transcorreu con normalidade, cunha afluencia semellante á de anos anteriores.


E o mesmo aconteceu, a partires do 16 de novembro, coa campaña da vacinación fronte á gripe A, que estivo dirixida, preferentemente, ós traballadores de centros sanitarios, de residencias a terceira idade e de centros de atención a enfermos crónicos. Tamén se aconsellou ás persoas de máis de seis meses de idade con doenzas crónicas ou anemias, pacientes con inmunosupresión, obesidade mórbida, e menores de idade que reciban tratamento prolongado con ácido acetilsalicílico. ■



- De acordo co protocolo establecido polas autoridades sanitarias, o alcalde de Cualedro reuniuse cos responsables da Garda Civil, do Centro de Saúde e da Farmacia para coordinar as actuacións a seguir na prevención e tratamento da Gripe A.
- Por sorte, en Cualedro a incidencia foi mínima e apenas se rexistraron casos, e sempre con patoloxías de carácter leve.

"Enganchados" á Televisión Dixital Terrestre (TDT)

O chamado "apagón analógico" apenas tivo incidencia en Cualedro. A maior parte dos veciños xa estaban preparados e nesa data, o 18 de xaneiro, non se detectaron problemas, xa que o sinal da televisión dixital recíbese con boa calidade en tódolos pobos do municipio. Para algunhas persoas, a única dificultade era ter que manexar dous mandos, un para a televisión e outro para a TDT, pero enseguida se puxeron ó tanto.



Parque biosaudable

O Concello construíu no parque do Toural un espazo biosaudable con varios aparellos de ximnasia. Fíxose con cargo a unha subvención da Consellería da Presidencia da Xunta de Galicia por importe de 11.182 euros. É unha iniciativa destinada a fomentar costumes saudables de vida que incidan nunha mellor saúde física e mental. Neste parque biosaudable hai aparellos para exercitar calquera parte do corpo.

Proxectos para San Millán e As Estivadas

O Concello de Cualedro presentou ó novo Plan Leader a construción dunha cancha deportiva e a mellora do entorno do centro social de San Millán. Así lle-lo explicou o alcalde, Luciano Rivero, nunha xuntanza que mantivo cos veciños e na que se abordaron outras necesidades. A través do Plan Leader tamén se pretende acondicionar a praza das Estivadas. Ambos proxectos teñen un orzamento de 140.000 euros.



San Millán

Festividade da Pilarica



Os axentes dos cuarteis da Garda Civil da comarca elixiron Cualedro para celebrar o día da súa patrona, a Virxe do Pilar. Despois de participar nos tradicionais oficios litúrxicos, trasladáronse ata a Casa da Cultura, onde agasallaron ós veciños e veciñas cuns aperitivos e bebidas. O Comandante de Verín agradeceu a presenza de veciños e autoridades neste pequeno convite, ó que correspondeu o alcalde, Luciano Rivero, lembrando o importante esforzo que sempre fixeron, e seguen facendo, a prol da seguridade nos nosos pobos.

O remate das obras de remodelación da praza foi aproveitado polos veciños e veciñas de Penaverde para celebrar unha xuntanza e disfrutar do novo recinto. A ocasión ben requería unha merenda e uns vasos de viño (ou refrescos).

Disfrutando da praza de Penaverde



Romaria de Pena Muller



Un grupo de veciños participou na excursión á Serra do Larouco, lembrando o 25º aniversario da festa celebrada na Pena Muller. Houbo música, baile, un xantar ó ár libre e a visita á Casa da Neve, unha construción medieval que servía para facer xeo con destino ó castelo de Monterrei. Nesta iniciativa participaron, entre outros, o alcalde de Cualedro, Luciano Rivero, o estudoso da bisbarra Eduardo Castro e o cate-drática Antonio R. Colmenero.

A exhibición de motos e quads foi un dos "pratos fortes" das festas do verán en Cualedro, xunto coas importantes atraccións musicais e a oferta de lecer para os máis novos. Centos de persoas contemplaron na praza do Concello a destreza dos pilotos nun espectáculo que foi do gusto, sobre todo, da xente máis nova.



Unha cita xa tradicional

Cualedro foi unha das etapas que cubriron os participantes nun concentración das lexendarias motos "Harley-Davidson". Esta parada serviu para promocionar o noso concello e axudar á hostelería local.

Concentración moteira



Éxito deportivo



O equipo de Cualedro volveu ser un dos protagonistas da Liga de Verán de Fútbol Sala. Non puido revalidar o título, pero foi subcampión, só superado polo Vilaza.

Semana Santa na Xironda

A procesión dos farois

O día de Xoves Santo ten un significado especial en A Xironda. Os fregueses e moitos visitantes participan, chegada a noite, na orixinal Procesión dos Faroís, que a parroquia de San Salvador de Vilamaior celebra dende tempos inmemoriais. O próximo 1 de abril renóvase esta tradición relixiosa.



Ao longo das últimas semanas, os veciños e veciñas de A Xironda afanáronse en preparar os farois do pasado ano e na confección doutros novos que darán lustre á procesión, recuperada felizmente a finais do pasado século. A procesión parte do centro do pobo en dirección á igrexa parroquial.



Máis de 50 farois de intenso e variado colorido acompañan no percorrido ata o templo de San Salvador á Cruz da Paixón, decorada cun lenzo branco, á que seguen tamén moitos fieis cos cirios aceitos e o crego, cos hábitos morados, como requiren as celebracións litúrxicas deste día santo. O silencio só queda roto polos versos da Paixón de Cristo, recitados polas "cantoras". Esta é outra das singularidades dunha das poucas procesións nocturnas con farois que hai na nosa terra. A única referencia con similitudes con esta Procesión dos Faroís de A Xironda é a "Ramallosa", que se celebra en Celanova a primeiros do mes de agosto.





Unha tradición perdurable...



Desfile do CRA da Xironda en Verín

En Cualedro hai xente que se esforza para que as tradicións dos nosos devanceiros sigan vivas. E o Entroido é outro exemplo significativo. Nos dous centros escolares, en Cualedro e A Xironda, hai especial interese en que os alumnos e alumnas disfruten destas festas e sexan os que se encarguen de que continúen durante moito tempo. No CEIP Vicente Risco os rapaces disfrazáronse de soles e lúas (na foto superior) e luciron os vistosos disfraces polas rúas de Cualedro. O membro do CRA de A Xironda viaxaron ata Verín para participar no desfile do Xoves de Comadres disfrazados de romanos e compartir un día divertido con outros rapaces dos colexios da comarca.



Baldriz



Cualedro

O Entroido é outra boa ocasión que atopan os veciños de varios pobos para reunirse en torno a unha mesa, degustar un bo prato de inverno, contar catro contos ou disfrazarse. Así o fixeron en Baldriz, onde primou o aspecto culinario, no local social; en Cualedro, con música e máscaras na Casa de

Cultura, ou na Xironda, onde se manteñen intactas tradicións ancestrais como a queima do meco ou as "mázcara", que en tempos rivalizaron cos "zarramanculleiros" de Cualedro. Unha festa, a do Entroido, que axuda a fomentar a unión e a solidariedade entre os propios veciños e veciñas.